



C A P I T U L O I - DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e Réxime Xurídico.

Co nome de ACCU CORUÑA (Asociación de Enfermos de Crohn e Colite Ulcerosa de Coruña), constitúese unha Asociación de carácter civil e cos fins e obxectivos que se determinan nestes Estatutos. Constitúese por tempo indefinido, salvo disolución acordada na forma que se determine máis adiante.

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución Española e o resto do Ordenamento Xurídico, a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demais disposicións legais aplicables, e de forma especial o establecido nos presentes Estatutos. Serán nulos de pleno dereito os pactos, disposicións estatutarias e acordos que descoñezan calquera dos aspectos do dereito fundamental de Asociación.

Artigo 2. Personalidade.

ACCU CORUÑA ten personalidade xurídica propia e independente das súas persoas socias e conforme o artigo 35 e seguintes do Código Civil, goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e na lexislación vixente.

ACCU CORUÑA non persegue no cumprimento da súa actividade ningún fin lucrativo. Conta cos medios persoais e materiais necesarios para o cumprimento dos seus fins e se atopa aberta a calquera outra persoa ou persoas que reúnan as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus fins, e independentemente da patoloxía que padezan.

Artigo 3. Enderezo.

O domicilio principal da Asociación radicará no seguinte enderezo: Centro Cívico San Diego, rúa Alberto García Ferreiro s/n na localidade de A Coruña (15006), provincia de A Coruña.

Mediante acordo da Xunta Directiva, a Asociación poderá trasladar o seu domicilio dentro do territorio provincial. A Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva poderá habilitar cantos domicilios estime necesarios, subordinados ó anterior, para o



funcionamento da Asociación, así como, para o cumprimento dos seus fins e obxectivos recollidos nos presentes Estatutos.

Artigo 4. Duración e Ámbito Territorial.

ACCU CORUÑA constitúese por tempo indefinido, non podendo disolverse máis que por imperativo legal, ou nos casos e formas establecidos nos presentes Estatutos.

Artigo 5. Principios e valores.

ACCU CORUÑA defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non governamental e de carácter voluntario.

ACCU CORUÑA basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Democracia interna.
- Solidaridade entre os seus membros.
- Impulso da participación dos seus membros en tódalas súas actuacións.
- Transparencia e publicidade na xestión e na actuación fronte ás súas persoas socias.
- Defensa das necesidades xerais por riba de intereses particulares.
- A defensa do grupo social como titular de dereitos, evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais.

Os valores que ACCU CORUÑA propugna son a consideración das persoas con enfermidades intestinais, en adiante EII, así como as demais patoloxías análogas como suxeitos titulares de dereitos e deberes, a calidade na súa actuación, a eficacia e a eficiencia, a mellora continua, e o compromiso polo conxunto do grupo de persoas deste colectivo.

Artigo 6. Fins.

ACCU CORUÑA é unha entidade de interese social, e os seus fins principais son:

1. Facilitar información acerca das EII e outras patoloxías asociadas a profesionais sanitarios e sociais e ós familiares, co fin de lograr un mellor coñecemento e implicación dos mesmos.
2. Apoiar e representar ó colectivo de persoas con EII e as súas familias, para a consecución dos seus dereitos e a denuncia da vulneración dos mesmos, co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.



3. Promover e apoiar as iniciativas á creación de unidades de atención das EII preferentemente multidisciplinares, dentro da nosa Comunidade Autónoma.
4. Promover e/ou crear os servizos de estudo, programación, formación, asistencia técnica, xestión especializada ou outros equivalentes que as circunstancias aconsellen.
5. Promover, facilitar ou utilizar os medios lícitos de propaganda, publicidade, información ou difusión para dar a coñecer as EII así como os problemas das persoas afectadas por estas doenzas e as súas familias.
6. Favorecer o desenvolvemento das actividades docentes encamiñadas á formación do persoal técnico especializado na diagnose e tratamento destas patoloxías.
7. Favorecer a investigación dos problemas que plantexan as EII nos seus aspectos epidemiolóxicos, fisiopatolóxicos, clínicos, diagnósticos, preventivos, terapéuticos e sociais.
8. Promover a educación sanitaria da cidadanía, para dar a coñecer a existencia das EII e as súas posibles solucións terapéuticas.
9. Crear as condicións para que as persoas asociadas poidan cumprir axeitadamente a misión.
10. Promover actitudes sociais positivas cara as persoas con EII en particular, e todo o colectivo de persoas con discapacidade en xeral.
11. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
12. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo de persoas con EII e as súas familias, con criterios de solidariedade.
13. Reunir e arquivar información xeral e especializada sobre os problemas das EII.
14. Representar ós seus membros no ámbito autonómico, estatal e internacional.
15. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
16. Fomentar a Promoción e o desenvolvemento persoal e social da muller con EII loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
17. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia EII dirixidos especificamente á atención da infancia e da mocidade.
18. Desenvolver programas e actividades, dentro do propia EII dirixidos especificamente a calquera colectivo en risco de exclusión social.
19. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.



20. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con EII, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
21. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con EII.
22. Calquera outra que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ó cumprimento da misión da ACCU CORUÑA ou redundar no beneficio das persoas con EII.

Artigo 7. Medios.

Para o cumprimento da misión e dos fins, ACCU CORUÑA poderá:

1. Promover a fundación de institucións hospitalarias e sanitarias especializadas na diagnose e tratamento da enfermidade, e procurar o patrocinio da asistencia e da intervención sociosanitaria dos/as pacientes economicamente mais desfavorecidos/as a través da financiación total ou parcial.
2. Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos, congresos e seminarios sobre diversos aspectos das EII.
3. Organización dunha biblioteca, así como a creación, en canto sexa posible, dunha revista especializada.
4. Plantexar e realizar programas de educación sanitaria para a cidadanía que difunda o coñecemento das EII e o interese da súa diagnose precoz.
5. Colaborar con todas aquelas entidades oficiais e particulares cuxas actividades poidan ser de utilidade na consecución das finalidades da Asociación.
6. Prestar, por sí ou a través doutras entidades colaboradoras, servizos rehabilitadores e sociosanitarios que melloren a calidade de vida das persoas con EII e/ou os seus familiares.
7. Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos fins da entidade.
8. Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permitan o sostemento económico da asociación.
9. Integrar, crear e promocionar centros sanitarios, educativos, ocupacionais, profesionais, residenciais, ou de calquera outra índole e tipoloxía que sexa autorizada por Lei; nos que prime a inserción sociolaboral das persoas con EII, conforme á lexislación vixente.



10. Promocionar centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con EII en particular e con discapacidade en xeral, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, cos demais traballadores/as, conforme á lexislación vixente en tódolos casos, priorizando:
 - a. Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nas/nos propias/os traballadoras/es e/ou na labor social de dita asociación.
 - b. Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente nas/nos propias/os traballadoras/es do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ó Movemento Asociativo.

CAPÍTULO II - DAS PERSOAS SOCIAS

Artigo 8. Persoas Socias.

ACCU CORUÑA constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte tódalas persoas con capacidade de obrar que o soliciten, sempre que compartan os principios de fins da Asociación e teñan interese no desenvolvemento dos mesmos e na plena integración das persoas con EII, e cumprindo as condicións destes Estatutos e sexan admitidas pola Xunta Directiva.

Artigo 9. Tipos de persoas socias.

ACCU CORUÑA terá a seguintes clases de persoas socias:

1. As persoas con EII maiores de idade ou menores emancipados con capacidade de obrar, que non estean suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio dos seus dereitos.
2. As nais, pais, ou persoas que teñan atribuídas funcións de apoio e/ou representativas das persoas con EII que teñan limitada a súa capacidade para adquirir e ostentar a condición de persoas socias por si mesmas.



Artigo 10. Persoas socias de honra e colaboradoras.

Poderán ser nomeadas **persoas socias de honra** todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins de ACCU Coruña ou polo seu prestixio ou por ter contribuído do xeito relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación sexan acreedoras de tal distinción. O nomeamento das persoas socias de honra corresponderá á Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

As persoas socias de honra non estarán suxeitas ás obrigas establecidas nos presentes Estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto.

As **persoas socias colaboradoras** serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con ACCU Coruña mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. As persoas socias colaboradoras non son titulares de obrigas nin dereito e, ao igual que as persoas socias de honra poderán participar na Asemblea Xeral con voz pero sen voto.

As persoas socias de honra ou colaboradoras non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación dela.

Artigo 11. Procedemento de admisión.

O ingreso en ACCU CORUÑA como persoa socia da mesma será voluntario e realizarase mediante solicitude escrita ou comunicación da persoa interesada dirixida á Asociación e a presentación da documentación esixida.

A admisión definitiva será acordada pola Xunta Directiva.

Artigo 12. Documentación para a admisión.

A persoa interesada terá que aportar a seguinte documentación:

- Copia do seu D.N.I. ou documento identificativo correspondente.
- Documento acreditativo da EII emitido por un facultativo nos casos en que proceda.
- Nos casos de menor de idade non emancipado ou maior de idade: copia do documento que acredite a representación legal do menor de idade non emancipado ou da persoa maior de idade que teña limitada a súa capacidade para adquirir e ostentar a condición de persoa socia por si mesma.



A Xunta Directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 13. Número de persoas socias.

Non se establece un número máximo de persoas socias en ACCU CORUÑA.

Artigo 14. Dereitos das persoas socias.

As persoas socias fundadoras e de número de ACCU Coruña ostentarán os seguintes dereitos:

1. Utilizar tódolos servizos e tomar parte en tódalas actividades que organice a Asociación.
2. Desfrutar de tódalas vantaxes e beneficios da Asociación.
3. Participar nas Asembleas con voz e voto.
4. Facer suxerencias aos membros da Xunta Directiva en orde a o mellor cumprimento dos fins.
5. Seren persoas electoras e elixibles para os cargos directivos.
6. Seren informadas acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.
8. Impugnar ante a Asemblea Xeral os acordos que estime contrarios aos Estatutos ou á Lei 1/2002.
9. Acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
10. Seren apoiadas pola Asociación nas iniciativas que se consideren oportunas.
11. Ter copia destes Estatutos.
12. Seren oídas con carácter previo a adopción de medidas disciplinarias contra elas e seren informadas dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.

Artigo 15. Deberes das persoas socias.

As persoas socias fundadoras e de número de ACCU CORUÑA terán os seguintes deberes:

1. Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.



2. Respetar e cumprir os presentes Estatutos e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e de representación de ACCU CORUÑA.
3. Actuar de maneira acorde cos principios e valores de ACCU CORUÑA e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con EII e as súas familias.
4. Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.
5. Contribuír o sostemento de ACCU CORUÑA, aportando os medios necesarios de acordo co establecido na Asemblea Xeral.
6. Satisfacer puntualmente as cotas que se establezan.
7. Manter absoluto segredo e confidencialidade sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida en ACCU CORUÑA.
8. Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
9. Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

Artigo 16. Perda da condición de persoa socia.

Poderá perderse a condición de persoa socia en ACCU CORUÑA por:

- a. Por vontade propia da persoa socia, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b. Por incumprimento das obrigas económicas, en particular o incumprimento da obriga da cota anual ou falta de pagamento dunha anualidade das cotas establecidas.
- c. Por causa o disposición legal.
- d. Por expulsión a causa de: incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos, reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno, desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses de ACCU CORUÑA, non por a disposición de ACCU CORUÑA a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno, utilizar medios para a obtención de fondos que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade en xeral e en particular das persoas con EII, ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.

A expulsión e a conseguinte perda de condición de persoa socia de ACCU CORUÑA só poderá producirse previa audiencia da persoa interesada e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por maioría dos presentes na Asemblea Xeral, levando aparellada a perda de tódolos dereitos derivados da condición de persoa socia.



Artigo 17. Réxime disciplinario.

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral de ACCU CORUÑA poderá establecer un Regulamento de Réxime Disciplinario que concrete o procedemento e as sancións que poidan impoñerse a aquelas persoas socias que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

CAPÍTULO III - DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 18. Órganos de Goberno e Representación.

ACCU CORUÑA rexerá polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes Órganos:

1. Órgano de Goberno: a Asemblea Xeral.
2. Órgano de Administración, Xestión e Representación: a Xunta Directiva.
3. Órganos Unipersoais:
 - a. Presidente ou Presidenta.
 - b. Vicepresidente ou Vicepresidenta.
 - c. Secretario ou Secretaria.
 - d. Tesoureiro ou Tesoureira.

Artigo 19. A Xunta Directiva.

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación de ACCU CORUÑA, e corresponde facer cumprir os acordos aprobados pola Asemblea Xeral.

Estará composta polos seguintes membros:

- a. Presidente ou Presidenta
- b. Vicepresidente ou Vicepresidenta
- c. Secretario ou Secretaria
- d. Tesoureiro ou Tesoureira
- e. Vogais, nun número nunca inferior a 1 e non superior a 5.

Os cargos da Xunta Directiva teñen carácter persoal, polo que as súas funcións son intransferibles.

Os cargos de Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a seren indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación e xustificación documental dos mesmos.



Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas membro da Xunta Directiva poderán recibir unha retribución axeitada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como persoas membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola propia Xunta Directiva.

No caso de prestar servizos para a entidade persoas que teñan unha relación de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao coas persoas membro dos órganos de goberno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de persoa socia. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos esixidos para ser membro da Asemblea Xeral e en concreto non poderán incurrir na causa de incompatibilidade que para os mesmos se establece na lei e os presentes estatutos.

Tódolos membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer o voto delegado. En caso de empate nas votacións o presidente ou a presidenta poderá exercer un voto de calidade.

Artigo 20. Elección da Xunta Directiva.

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse máis dunha candidatura será elixida a máis votada.

As votacións serán secretas a non ser que, por unanimidade, as persoas asistentes soliciten voto a man alzada.

Artigo 21. Funcións da Xunta Directiva.

Corresponde á Xunta Directivas as funcións seguintes:

1. Dirixir as actividades asociativas e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
2. Executar a política de ACCU CORUÑA e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.



3. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.
4. Administrar o patrimonio de ACCU CORUÑA.
5. Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser implementados dende ACCU CORUÑA.
6. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novas persoas asociadas.
7. Acordar a suspensión temporal dos dereitos das persoas socias.
8. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
9. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral así como determinar a súa orde do día.
10. Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na propia Xunta Directiva.
11. Nomear ao presidente ou presidenta , ás persoas socias de honra, así como admitir as persoas socias colaboradoras.
12. Facultar, por medio de poderes, as persoas que se estime axeitado para o cumprimento das finalidades propias da Asociación.
13. Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
14. Resolver, na arbitrase de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre as persoas socias de ACCU CORUÑA. Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación , designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
15. Interpretar os presentes Estatutos.
16. Nomear persoas delegadas para algunha actividade da Asociación.
17. Formular ou decidir sobre calquera asunto de competencia ou interese da Asociación, e que non estea reservado legal o estatutariamente á Asemblea Xeral.

En xeral todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio da Asociación, dos que deberá dar conta á Asemblea.

Artigo 22. Duración da Xunta Directiva.

Os compoñentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de catro anos.

Poderán causar baixa por:

1. Perda da condición de persoa socia.
2. Renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
3. Por acordo de cesamento acordado pola Xunta Directiva por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
4. Por expiración do mandato.



As persoas membro da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foro elixidas, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación das persoas que os substitúan.

Se se produce a metade máis un das baixas na Xunta Directiva, a presidencia deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas no prazo máximo de sesenta días.

Artigo 23. Modalidades de celebración das Xuntas Directivas.

O disposto no artigo 28 destes Estatutos respecto á celebración telemática ou mixta das Asembleas, será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebracións das reunións da Xunta Directiva.

Artigo 24. Funcionamento da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva reunirse, cando menos, catro veces ó ano, preferentemente unha vez cada trimestre, ou cando o decida a/o súa/seu Presidenta/e por si ou a petición do vinte por cento dos seus compoñentes. Quedará constituída cando asista a metade mais un dos seus membros, e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto da/do Presidenta/e será de calidade.

O cargo de directivo osténtase a título persoal polo que, cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita pola/o Presidenta/e da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, cunha antelación mínima de sete días, salvo caso de especial urxencia.

A composición da orde do día das sesións corresponderá á/o Presidenta/e, a proposta da/do Secretaria/o, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a/o Presidenta/e, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesoras/es.



En caso de ausencia ou enfermidade do presidente ou presidenta ou do secretario ou secretaria serán substituídos respectivamente polo Vicepresidente/a e o Vicesecretario/a e, na súa falta, serán suplidos provisionalmente por outra persoa membro da Xunta Directiva, previa designación por maioría dos seus membros ao comezo da mesma

O disposto no Artigo 28 dos presentes Estatutos respecto á posibilidade de celebración telemática e/ou mixta das asembleas será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva.

Artigo 25. Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno de ACCU CORUÑA, e estará integrada polas persoas socias de número de ACCU CORUÑA, con voz e voto.

Os membros de honra e colaboradores, os cales poderán asistir con voz pero sen voto.

A/o Presidenta/e e a/o Secretaria/o da Xunta Directiva serano da Asemblea Xeral.

Artigo 26. Delegación do voto.

A persoa socia de número poderá delegar a súa representación noutra persoa socia de número, mediante carta dirixida á/o Presidenta/e da Asociación, na que haberá de expresarse a Asemblea concreta para a que a delegación se outorgue, a cal deberá ser presentada dúas horas antes da fixada na convocatoria para a celebración da Asemblea (Anexo I dos Estatutos).

Nunha mesma persoa asociada non poderá recaer máis de cinco (5) votos delegados.

Artigo 27. Participación na Asemblea Xeral.

Tódalas persoas socias de ACCU CORUÑA definidas no artigo 9 dos presentes Estatutos, terán dereito a voz e un voto.

Non poderán ser membros da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directa ou indirectamente a través do seu cónxuxe ou persoa unida por relación de afectividade ou dos seus parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, desenvolvan actividades de tipo profesional, empresarial ou industrial que puidesen dar lugar a un conflito de intereses ou exerzan funcións de carácter representativo, político ou institucional igualmente incompatibles.



Poderán asistir as reunións da Asemblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto a título de invitadas, todas aquelas persoas que se consideren poidan aportar xuízos ou información técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

Artigo 28. Clases de Asemblea e a súa Convocatoria.

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias.

- a. A Asemblea Xeral Ordinaria celebrense unha vez ao ano preferentemente dentro dos cinco meses seguintes ao peche do exercicio.
- b. A Asemblea Xeral Extraordinaria celebrárense cando as circunstancias o aconsellen a xuízo do presidente ou presidenta , cando a Xunta Directiva o acorde ou cando propoña por escrito unha décima parte das persoas socias definidas no artigo 9 dos presentes Estatutos. Neste último caso deberá convocarse no prazo máximo dun mes dende a recepción formal da solicitude.

As Convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por calquera medio escrito expresando o lugar , día e hora da reunión, así coma a orde do día con expresión dos puntos a tratar, e no seu caso, deberán incluírse tódolos asuntos propostos pola décima parte das persoas socias que solicitaran a celebración da Asemblea .

A Convocatoria comunicárense ás persoas socias cunha antelación mínima de quince días, por correo ou mediante calquera outro medio que deixe constancia da Convocatoria.

Artigo 29. Modalidades de celebración das Asembleas.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse excepcionalmente:

- a. Mediante vídeo-chamada ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación das persoas asistentes e a permanente comunicación entre elas.
- b. Mediante un sistema bimodal ou mixto, que combine a modalidade presencial e a modalidade telemática.

Corresponde ao presidente ou presidenta apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a estes modos excepcionais de celebración.



Neste caso a Convocatoria deberá cumprir os mesmos requisitos formais que se establecen no artigo 27 de estes Estatutos, para as asembleas presenciais e ademais deberá garantirse que:

- Todas as persoas socias que desexen participar na Asemblea de forma telemática e teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos adecuados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algún.
- Quede debida constancia da identidade de todos aqueles asistentes que participen na Asemblea de forma telemática. Esa identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo que da persoa socia en cuestión teña, o secretario ou secretaria da entidade ou por exhibición a través de cámara dun documento de identificación.

Ao fin de poder verificar o cumprimento do requisito relativo á dispoñibilidade de medios técnicos por parte daquelas persoas socias que desexen participar na Asemblea de xeito telemático, na convocatoria se lles requirirá para que cando confirmen a súa asistencia se pronuncien sobre ese extremo.

No suposto de que as persoas socias manifestasen a súa non dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios e non resultase posible proceder a subsanar dita carencia, o presidente acordará a celebración da Asemblea ben en modalidade presencial, ben en modalidade mixta, efectuando ao efecto unha nova comunicación se fose necesario.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación telemática entre a persoa socia e a entidade, o presidente ou presidenta procederá a declarar a suspensión da Asemblea comunicando ás persoas asistentes a data e hora prevista para súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa orde do día proposto, se adoptarán con carácter previo á devandita interrupción.

Artigo 30. Funcións da Asemblea Xeral.

30.1.- Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a. Coñecer e aprobar os Plans de Actuación de ACCU CORUÑA.
- b. Examinar e, no seu caso, aprobar a memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.



- c. Aprobador os orzamentos de ingresos e gastos de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Así mesmo, examinar e, no seu caso, aprobar o balance de situación de cada exercicio.
- d. Aprobador ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva, en orde ás actividades da Asociación.
- e. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar as persoas socias.
- f. Resolver en última instancia cantas dúbidas ou diverxencias se plantexen entre as persoas socias e os Órganos de Goberno e calesquera outras cuestións que non sexan de competencia específica por lei ou estatutos, da Asemblea Xeral Extraordinaria.

30. 2.- Serán funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Acordar a integración nunha Federación/confederación e/ou Unión de Asociacións ou decidir a súa fusión con outra de similar cometido.
2. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
3. As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
4. Aprobador a modificación dos Estatutos da Asociación.
5. Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
6. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de ben sociais.
7. Acordar a disolución de ACCU CORUÑA.
8. Designar ás persoas encargadas da liquidación da Asociación.
9. Ratificar a incorporación ou expulsión de persoas socias da entidade.
10. Establecer o réxime disciplinario.
11. Aprobador o regulamento de réxime interno da Asociación.
12. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre as persoas socias e calquera Órgano de ACCU CORUÑA, como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación de este Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos Órganos de goberno da Asociación.
13. Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Ordinaria ou da xunta directiva.



Artigo 31. Acordos da Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis un das persoas socias fundadoras e de número sinaladas no Artigo 10, por si ou por representante debidamente autorizado; e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de persoas membro asistentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer, polo menos media hora. Os acordos adoptaranse por maioría de votos. Os acordos relativos á disposición ou alleamento de bens inmobles, modificación de estatutos e disolución da entidade, requirirán a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos para ser válidos, deberán ter polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos das persoas asistentes.

De toda a Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número de persoas asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta subscribirase polo secretario ou secretaria, e o presidente ou presidenta.

As certificacións de tales actas, así como as testemuñas dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa sinatura do secretarios ou secretaria e o visto bo do presidente ou presidenta.

Artigo 32. A presidencia da entidade.

O presidente ou a presidenta de ACCU CORUÑA será designado/a pola Asemblea Xeral entre as persoas socias e o seu mandato durará catro anos.

Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente ou vicepresidenta, que o/a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Ao presidente ou presidenta corresponderanlle as seguintes atribucións:

- a. Ostentar a representación legal de ACCU CORUÑA ante calquera Organismo público ou privado.
- b. Convocar, presidir e dirixir as sesións que celebre a Xunta Directiva, presidir as sesión da Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións de ambas, e decidir co voto de calidade se hai empate.
- c. Fixar os asuntos a tratar en cada reunión da Asemblea Xeral ou de Xunta Directiva.
- d. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral ou de Xunta Directiva.
- e. Autorizar, coa súa sinatura, as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.



- f. Ordenar os pagamentos que haxan de realizarse con cargo aos fondos de ACCU CORUÑA.
- g. Levar a sinatura social conxuntamente co secretario ou secretaria, e tesoureiro ou tesoureira.
- h. Ter sinatura en entidades bancarias, conxuntamente con secretario ou secretaria, e tesoureiro e tesoureira.
- i. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou, no desenvolvemento das súas actividades, resulte precisa ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- j. Nomear a calquera persoa como asesora e asignarlle as tarefas axeitadas. O nomeamento destas persoas asesoras deberá ser ratificado pola Xunta Directiva, debendo o presidente ou presidenta informar á Xunta Directiva das recomendacións, informes ou resolucións que elaboren os cales non serán vinculantes en ningún caso.
- k. Permitir ou non, a presenza de persoas invitadas nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
- l. Subscribir contratos en nome de ACCU CORUÑA, outorgar poderes a terceiros, exercer acción e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e, en especial aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese aso fins da Asociación.
- m. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios de ACCU CORUÑA, xuntamente con quen exerza as funcións de secretario ou secretaria.
- n. Calquera outra función de interese para a execución dos presentes Estatutos.

O vicepresidente ou vicepresidenta terá as mesmas atribucións que o presidente ou presidenta cando se produza a substitución por causa de enfermidade, ausencia ou vacante.

Artigo 33. Vicepresidente ou vicepresidenta.

O vicepresidente ou vicepresidenta substituirá ao presidente ou presidenta na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as súas mesmas atribucións. Así mesmo, poderá asumir todas aquelas funcións do presidente ou presidenta que lle delegue expresamente.

No caso e substitución definitiva, esta será ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións, establecida para un período de tres meses.



Artigo 34. Secretario ou secretaria.

As funcións do secretario ou secretaria son:

- a) Custodiar os libros, documentos e selo da entidade, excepto os libros de contabilidade, facendo que se cursen as comunicación sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes.
- b) Levar os libros da Asociación legalmente establecidos, o libro de rexistro de persoas socias e os ficheiros dos asociados.
- c) Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
- d) Librar certificacións con referencia aos Libros e documentos de ACCU CORUÑA co visto e prace do presidente ou presidenta.
- e) Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura do presidente ou presidenta.
- f) Preparar os puntos que teñen que tratase nas Asembleas Xerais. Enviaranse a convocatoria e a orde do día con quince días de antelación como mínimo.
- g) Responsabilizarse, xunto coa presidencia, do cumprimento dos Estatutos e dos fins da entidade.
- h) A organización dos servizos técnicos de ACCU CORUÑA.
- i) Impulso e control do funcionamento de ACCU CORUÑA.
- j) Ter sinatura en entidade bancarias, conxuntamente coa presidencia e a tesouraría.

Artigo 35. Tesoureiro ou tesoureira.

As funcións do tesoureiro ou tesoureira son:

- a) Custodiar e levar libros de contabilidade.
- b) Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da entidade.
- c) Conservar os fondos de ACCU CORUÑA, respondendo das cantidades das que se fixera cargo e conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da entidade. Para dispoñer dos fondos de ACCU CORUÑA, necesitará da sinatura do presidente ou presidenta.
- d) Farase cargo das cantidades que se ingresen na entidade, arquivando os libramentos cos seus xustificantes.
- e) Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura do presidente ou presidenta.



- f) Ostentar sinatura en entidades bancarias, conxuntamente co presidente ou presidenta, e secretario ou secretaria.
- g) Elaborar os orzamentos anuais e as previsión de futuro.
- h) Cobrar as cotas das persoas socias.
- i) Solicitar as subvencións oficiais que se acorden.
- j) Presentar as contas anuais.
- k) Dar cumprimento ás ordes de pagamento expedidas polo presidente ou presidenta.

Artigo 36. Vogais.

As funcións das persoas vogais son:

As propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva.

As que xurdan das delegación e comisións de traballo que a propia Xunta Directiva lles encomende.

Artigo 37. Sinaturas dixitais

Os compoñentes dos órganos previstos nestes estatutos poderán dispoñer dunha sinatura dixital vinculada a entidade para as funcións recollidas nos presentes estatutos, que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade dos documentos asinados.

Calquera outra función non contemplada nestes estatutos, debera autorizarse a través de acordo de apoderamento notarial, previamente aprobada polo órgano de goberno que corresponda (ou poñer directamente a xunta directiva que ten esta función atribuída).

Todas as persoas da organización que teñen autorizados acordos de apoderamento notarial, poderán solicitar a sinatura dixital que acreditar e asinar as funcións outorgadas.

CAPÍTULO IV - DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 38. Impugnacións.

As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, das Asembleas e Xunta directiva da Asociación, poderán realizarse con carácter previo a elas.

Neste caso será cando se trate de cuestións relacionadas coa convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que o presidente ou



presidenta estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ó comezo da reunión.

Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo as persoas ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvaran expresamente o seu voto. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos Órganos acorden a súa suspensión.

Artigo 39. Recursos.

Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días. A impugnación dos acordos da Asemblea incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva, substanciaranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determine.

CAPÍTULO V - RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 40. Orzamentos.

ACCU CORUÑA funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado pola persoa encargada da xestión contable da entidade, que deberá telo preparado antes do 31 de xaneiro de cada ano a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Anualmente con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano elabóranse as contas, que se formalizarán nunha memoria que será posta a disposición das persoas socias que deberán aprobala ou censurala.

Artigo 41. Recursos económicos.

Para atender aos seus fins, ACCU CORUÑA contará cos recursos seguintes:

- As cotas das persoas socias periódicas ou extraordinarias.
- As subvencións, doazóns, donativos, legados ou herdanzas que puidera recibir de xeito legal por parte das persoas socias ou de terceiras persoas.
- Os bens propios, mobles e inmobles.
- Rendemento do seu patrimonio.



- Calquera outro recurso lícito que obteña para ser destinado ao cumprimento dos seus fins.

O patrimonio inicial ou Fondo Social da Asociación é inexistente.

Artigo 42. Cotas.

As cotas serán das seguintes clases:

1.- Ordinaria anual que será satisfeita na proporción que estableza a Xunta Directiva e ratificada na Asemblea, e poden ser:

- a. Cota ordinaria individual.
- b. Cota ordinaria familiar, aplicable aos casos nos que dúas ou máis persoas sexan membros da mesma unidade familiar e/ou de convivencia.

2.- Extraordinaria, con unha contía e condicións fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.

A cota socio colaborador, que será satisfeita polas persoas socias colaboradoras (artigo 10) na proporción que estableza a Xunta Directiva, e ratificada na Asemblea de conformidade co disposto no artigo 29.1.e) dos presentes Estatutos.

Artigo 43. Pago das cotas.

As cotas ordinarias deberán ser aboadas no prazo de 1 mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente e as extraordinarias así como as correspondentes ás persoas socias colaboradoras dentro do prazo fixado ao efecto.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para as persoas socias que, nos prazos previstos no parágrafo anterior e sen causa xustificada, non aboaran as cotas. Así mesmo, aquelas persoas socias que no momento de celebración da Asemblea Xeral non aboaran a cota correspondente ao ano anterior, perderán o seu dereito á voto na mesma. A persistencia na falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.

Sen embargo o establecido no parágrafo anterior, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias concorrentes así o aconsellen, comunicándose tal decisión á inmediata Asemblea Xeral que se celebre.



CAPÍTULO VI - MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 44. Procedemento de modificación.

Os Estatutos de ACCU CORUÑA só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter extraordinario, por decisión da Xunta Directiva ou a proposta da maioría das persoas socias mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva.

O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría de dous terzos das persoas socias que concorran á mesma, xa sexa persoalmente ou por medio de representante legalmente acreditado.

Artigo 45. Disolución.

ACCU CORUÑA poderá disolverse por unha das seguintes causas:

- Voluntariamente, cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto por unha maioría de dous terzos das persoas socias.
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por Sentenza xudicial firme.

Artigo 46. Comisión liquidadora.

Acordada a disolución de ACCU CORUÑA pola Asemblea Xeral ou decidida no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio da entidade.

A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou máis persoas comisarias elixidas pola mesma entre as persoas socias.

Artigo 47. Asemblea Xeral no período de liquidación.

Durante o períodos de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ao acordo de disolución.



Artigo 48. Destino dos bens resultantes.

No caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora que, unha vez extinguidas as débedas e de existir sobranse líquido, destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, concretamente a unha entidade benéfica ou a outra Asociación similar á constituída.

Disposición Adicional

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia:

Jose María Lapido Boullón, titular da Presidencia, e Virna Santana Verona, titular da Secretaría da Asociación de Enfermos de Crohn e Colite Ulcerosa da provincia de A Coruña, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 27-05-2023, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Santiago de Compostela a 27 de maio do 2023.

=====